

Ditame
1/13

D I T A M E

sobre o anteproxecto de

Lei de **modificación** da
Lei 13/2006, do 27 de decembro,
de **horarios comerciais** de Galicia



APROBADO POLO PLENO O 14 DE XANEIRO



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

“

ANTECEDENTES

1.- En data 19 de decembro de 2012 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame polo trámite de urxencia, o anteproxecto de lei polo que se modifica a lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores produtivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O día 2 de xaneiro, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº1 para o 8 de xaneiro de 2013, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 01/13, de data 8 de xaneiro, acorda aprobar a proposta de ditame e remítea á presidenta do Consello para a súa tramitación.

5.- A presidenta do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 1/13, de 14 de xaneiro, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de lei pola que se modifica a lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia.

ESTRUTURA E CONTIDO

O presente anteproxecto de lei de modificación da lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, ten como obxectivo fundamental adecuar a normativa galega en materia de horarios comerciais á normativa básica establecida polo Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo. Para este obxectivo, modifícanse os artigos 4 e 5 do capítulo II relativo ao réxime xeral de horarios, así como o artigo 8 do Capítulo III, relativo ao réxime especial de horarios.

Establécese un horario global comercial máximo de 90 horas durante o conxunto de días laborables da semana e un número máximo de 10 domingos e festivos nos que os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao público.

Por outra banda, e tendo en conta a necesidade de harmonizar a normativa establecida na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia e unificar o réxime sancionador en materia comercial, modifícanse as contías das sancións establecidas no artigo 15 da lei 13/2006, do 27 decembro, equiparándoas ás recollidas naquel texto legal.

CONSIDERACIÓN XERAL

- O CES estima que resultaría conveniente motivar de forma máis ampla, na exposición de motivos, os criterios que fundamentan a proxectada normativa, e as razóns que, en cada caso, xustifican as opcións elixidas nesta ao abeiro da normativa básica estatal.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

Artigo único. Apartado dous.

O CES considera conveniente que no anteproxecto de lei sometido a ditame se establezan criterios de referencia para a determinación dos domingos e festivos de apertura comercial.

Artigo único. Apartado tres.

Estímase máis axeitado modificar a redacción deste apartado por “*suprímese o apartado 3 do artigo 5*” eliminando a expresión “...o disposto no..”.

Artigo único. Apartado quinto.

O CES considera apropiada a modificación prevista para este apartado, xa que supón a súa correspondencia segundo gravidade coas establecidas na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.

O CES entende que se debería de establecer un réxime transitorio no texto do anteproxecto de lei, para os expedientes en trámite, de xeito que as disposicións sancionadoras produzan efecto retroactivo en canto favorezan ao presunto infractor.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2013

Vº. e P.
A PRESIDENTA

O SECRETARIO XERAL

Asdo. *Corina Porro Martínez*

Asdo.: *Juan José Gallego Fouz*

VOTO PARTICULAR

VOTO PARTICULAR que presentan as conselleiras e conselleiros do Grupo I do CES (CC.OO., CIG e UGT)

Este voto particular reproduce a emenda de totalidade presentada polo Grupo I do CES ao texto do ditame, e que foi votada favorablemente por 11 conselleiros/as, en contra por 13 e rexistrándose 7 abstencións, polo que non resultou aprobada.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

Primeira.- A exposición de motivos da vixente 13/2006, de horarios comerciais de Galicia, declara querer *preservar o modelo comercial galego, que se caracteriza pola relevante presenza do comercio retalista no tecido produtivo do país. Este elemento exerce unha función social moi importante, pois, por unha banda, constitúe un elemento esencial na configuración do territorio e na vertebración das vilas, cidades e barrios de Galicia, configurándoos como máis habitables e seguros, e, por outra banda, garante o abastecemento das persoas, especialmente as que, por idade e outras circunstancias, teñen dificultades de mobilidade. Este comercio urbano de proximidade, integrado maioritariamente por pequenas empresas familiares, desenvolve tamén unha función económica importante, ao representar un factor clave na creación de traballo autónomo estable e na redistribución da renda e a riqueza. A súa defensa constitúe un sistema eficaz para loitar contra a desertización dos centros urbanos e o desemprego. Neste contexto, a regulación dos horarios preséntase como un elemento esencial na ordenación do comercio como instrumento que permite facer posible o equilibrio entre as grandes empresas de distribución e o conxunto de pequenas e medianas empresas comerciais. Outras das finalidades desta lei é a de procurar o necesario equilibrio entre abastecemento comercial e conciliación da vida familiar e laboral.*

Na propia exposición de motivos deste anteproxecto afirmase que *A Comunidade Autónoma de Galicia ten unhas características propias que a diferenzan do resto do territorio español pola dispersión dos seus asentamentos de poboación, pola peculiar estrutura xeográfica de vilas e cidades e polos elementos definitorios da súa estrutura comercial que evidencia a necesidade dunha adaptación da normativa básica estatal ao noso territorio. E tamén que Outro dos obxectivos a perseguir é conxugar os diferentes intereses e sensibilidades afectados, garantindo un axeitado nivel de oferta ás persoas consumidoras e preservando a necesaria conciliación da vida familiar e laboral destas.*

Todos eses obxectivos, dende o punto de vista do CES, deberían terse realmente presentes á hora de legislar na materia de horarios comerciais, en Galicia e tamén a nivel estatal. Sen embargo, os cambios que agora se propoñen son a continuación dun proceso iniciado hai anos que, lonxe e contribuir a avanzar neses obxectivos, conduce a descompensar a regulación horaria en favor exclusivo das grandes empresas distribuidoras.

Segunda.- Alén das apreciacións de índole puramente xurídica e mesmo das sentencias do Tribunal Constitucional que se teñen pronunciado noutro senso, o CES opina que a atribución do carácter de normativa básica ao Título V do Real decreto-lei 20/2012 que se contén na Disposición Final 4ª do mesmo, podería resultar excesiva. Efectivamente, que os comercios dunha comunidade autónoma abran un determinado número de horas, ou poidan facelo en determinadas festividades ou domingos, ou cal é o número de metros cadrados de exposición e venda ao público que permiten excepcionar as restricións horarias, non parecen, en pura lóxica, elementos de tanta transcendencia como para que necesariamente teñan que formar parte do núcleo das bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica que o Art. 149.1.13ª da Constitución atribúe ao Estado.

Entendemos que, na práctica, por esta vía estase a operar un baleirado da competencia exclusiva de Galicia, recollida no Art. 30.1. do Estatuto de autonomía, en materia de *Comercio interior; defensa do consumidor e do usuario sen prexuízo da política xeral de prezos e da lexislación sobre a defensa da competencia.*

Terceira.- O anteproxecto de modificación da Lei de horarios comerciais pretende adaptar a dita lei á normativa básica do Estado na materia. A pesares disto, consideramos que a liberalización total dos horarios de apertura non crea emprego senón que, pola contra, propicia a desaparición de pequenos comercios de proximidade coa consecuente perda de postos de traballo e a desertización das rúas comerciais. Consideramos que a Xunta de Galicia, como fixeron os gobernos doutras comunidades autónomas, debera interpoñer un recurso de inconstitucionalidade contra o RDL 20/2012 porque invade as competencias das comunidades autónomas en materia de comercio.

Cuarta.- O CES de Galicia valora negativamente os motivos que se expoñen para modificar a lei, lei ademáis aprobada con consenso de toda a representación política e social de Galicia. Esta lei fundaméntase na protección do medio ambiente, na garantía ao consumidor, na diversidade do territorio rural de Galicia e no comercio galego. Considera que con esta modificación dunha lei, ademáis tan recente, estanse a usar de xeito contrario os mesmos motivos consensuados por toda a representación da cidadanía galega, prexudicando ao pequeno comercio galego, desprotexendo e anulando a conciliación da vida laboral, persoal e familiar dos traballadoras e traballadores galegos.

Quinta.- O Consello Económico e Social de Galicia ten manifestado con reiteración, mediante os seus ditames 7/06, 11/08 e 5/10, o seu criterio de que a regulación legal dos horarios comerciais en Galicia debería incluírse na vixente Lei de comercio interior de Galicia. Deste xeito respectaríase o carácter integral que esta lei debería ter, evitándose a dispersión normativa.

Sexta.- Feitas as consideracións anteriores, o CES considera positivo que o anteproxecto opte por establecer como horario global **máximo** e como número **máximo** de domingos e festivos en que se permite a apertura, os que a norma estatal fixa respectivamente como **mínimos**.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

Exposición de motivos.

No último parágrafo da exposición de motivos faise constar que *o texto de anteproxecto de lei foi sometido as preceptivo ditame do Consello Galego de Comercio*.

O CES considera que debería aludirse tamén ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia, alusión que constaba no texto do anteproxecto que informou a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e que, sen embargo, non aparece agora.

Artigo único.

O anteproxecto recolle unha nova redacción do **apartado 1 do artigo 15** da Lei 13/2006, rebaixando a contía das multas, agás no caso do límite máximo das infraccións moi graves, que se incrementa dende 600.000 € a 1.000.000 €. Así as infraccións leves, que se sancionaban con ata 60.000 €, pasan a un límite de só 1.500 €. Nas graves, o tramo da multa redúcese dende 60.001-300.500 € ata 1.501-50.000 €.

O CES considera desacertadas esas reducións, postas en relación con determinados supostos que, a teor do artigo 12 da Lei 13/2006, considéranse faltas leves (v.gr. apertura en horario non autorizado ou o incumprimento do tempo máximo de apertura) ou faltas graves (apertura en domingo ou festivo non autorizado, facer publicidade de apertura non autorizada), ata o punto de que o seu efecto disuasorio podería verse deturpado fronte ao “beneficio” obtido pola comisión da infracción.

”



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

